


ENCONTROS MONOGRÁFICOS CO PATRIMONIO CULTURAL

Abrindo vitrinas: a metalurxia do Bronce Final na colección arqueolóxica da Universidade de Santiago de Compostela

Consello da Cultura Galega
Santiago de Compostela
Martes, 21 de maio de 2019



Os depósitos metálicos constitúen unha das manifestacións arqueolóxicas máis enigmáticas da Europa atlántica. A ocultación intencional de inxentes cantidades de metal –a xeito de acubillos– durante a Idade do Bronce e inicios da Idade do Ferro, así como o achado fortuíto dos artefactos que integraban estes depósitos, veñen cativando a atención de anticuarios, coleccionistas, arqueólogos e público en xeral dende o século XIX.

A colección arqueolóxica da Universidade de Santiago de Compostela inclúe unha vintena de obxectos metálicos do Bronce Final, aos que nos vimos achegando a través de varios proxectos de investigación liderados polo Incipit-CSIC. O traballo desenvolvido artéllase arredor de catro eixes principais: 1) o estudo da historia e vicisitudes das pezas que compoñen a colección –procedentes na súa maioría das antigas coleccións de Santiago de la Iglesia, Federico Maciñeira e José Viqueira Barrio–, que permitiu recuperar interesante documentación inédita; 2) a súa caracterización arqueométrica mediante técnicas diversas; 3) a restauración das pezas, e 4) a montaxe dunha exposición que abrirá as súas portas este verán.

O obxectivo deste encontro é presentar unha síntese destes traballos, que achegan información de grande interese e contribúen notablemente á revitalización desta colección, conformando un modelo de investigación-conservación-revalorización que se poderá aplicar no futuro a conxuntos semellantes doutros museos e coleccións visitables.

Imaxe da portada: Machados do depósito de Senra (Ortigueira, A Coruña)
Fotografía de Federico Maciñeira Pardo de Lama

PROGRAMA

17:00 horas

Presentación

Rebeca Blanco-Rotea, coordinadora da Sección de Patrimonio e Bens Culturais do CCG

17:15 horas

Investigando a metalurxia do Bronce Final na colección arqueolóxica da USC: unha síntese dos resultados

Xosé-Lois Armada, investigador Ramón y Cajal do Incipit-CSIC

18:00 horas

Tratamento de conservación dos artefactos do Bronce Final da colección arqueolóxica da USC

Yolanda Porto Tenreiro, arqueóloga-restauradora e xerente de Fráxil

18:20 horas

Cinco vidas, unha historia. Formulacións e deseño dunha exposición temporal

Antoni Nicolau, director de proxectos de Kultura S.L.

18:40 horas

Debate co público asistente

Introduce e modera: **Beatriz Comendador**, arqueóloga e profesora da Universidade de Vigo

ORGANIZA

Sección de Patrimonio e Bens Culturais (CCG)
Consello da Cultura Galega

COLABORA

Incipit-CSIC

COORDINA

Xosé-Lois Armada
Rebeca Blanco-Rotea

LUGAR

Consello da Cultura Galega
Pazo de Raxoi, 2º andar
Praza do Obradoiro, s/n
15705 Santiago de Compostela
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

INSCRICIÓN

A inscrición é gratuíta.
O número de prazas é limitado (100 persoas).
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.
Entregarase diploma acreditativo de asistencia ao encontro.
Para obter o diploma é preciso asistir ao 75% das sesións.

MÁIS INFORMACIÓN

www.consellodacultura.gal
difusion@consellodacultura.gal
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>



COLABORA



CSIC



incipit